

1º CONGRESO DE ESTUDOS RURAIS
AMBIENTE E USOS DO TERRITÓRIO

Posibilidades da actividade cinexética no desenvolvemento territorial:
estudio de caso na Pontevedra interior

Alvarez López C.;
Crecente Maseda R.;
Blanco Ballón, J.;
Teijido Sotelo M.;
Cancela Barrio, J.

Laboratorio de Proxectos e Planificación
Escola Politécnica Superior
Universidade de Santiago de Compostela

Abstract

Na presente comunicación se fai unha breve caracterización da actividade cinexética en Galicia, así como da nova “lei de caza” e do territorio ámbito de actuación dunha asociación de desenvolvemento rural que actualmente se esta a candidatar a Iniciativa Leader+. Por último coméntanse as posibilidades de integración da caza (favorecidas polo novo marco legal) na estratexia de desenvolvemento da asociación e os seus efectos no desenvolvemento territorial.

1. Caracterización do sector da caza en Galicia.

O exercicio da caza ligado á evolución do Ser humano sobre a terra ten perdido a finalidade de proporcionar alimentos para converterse nunha actividade de ocio nas sociedades modernas, presentando unha perspectiva diferente según seña a óptica do cazador, do titular dos dereitos cinexéticos ou a de outros colectivos.

A caza en Galicia debe ser entendida máis como un feito social e de lecer que como unha verdadeira actividade económica, predominando un aproveitamento cinexético no que habitualmente son os propietarios dos terreos os que se xuntan para aproveitar a "súa" caza no "seu" coto.

Na Comunidade Autónoma galega existen ó redor 80.000 cazadores, 25.000 de eles na provincia de Pontevedra, e ó redor de 600 coutos de caza, compostos por regra xeral por concellos e máis habitualmente, por grupos de parroquias, e que son xestionados por sociedades de cazadores que tenden a abranguer a totalidade dos cazadores dunha parroquia. Os requisitos máis habituales para poder pertencer a unha destas sociedades de cazadores titulares dun couto son os de ser veciño desa parroquia (ou ser parente directo dun residente) e ter propiedades nesa parroquia sobre as que se poida exercitar a caza (ou ben que as teña ese residente do que se é familiar).

Outra característica da Comunidade Autónoma Galega é o elevado número de coutos, aspecto parello o seu reducido tamaño, e que dificultará a posibilidade de realizar unha ordenación cinexética que sexa medianamente viábel. Ademais, xeneralmente as cuotas que cada socio paga anualmente á Sociedade son de reducida cuantía, o que dificulta aínda máis emprender actuacións financeiras importantes tendentes a mellorar a calidade e cantidade da caza.

Esta situación de presión por parte dos cazadores, e a imposibilidade de ir a cazar a coutos dos que non se sexa socio, ten propiciado que gran número de afeccionados a este deporte emprendan cada ano a marcha até outras zonas alonxadas da comunidade autónoma, como pode ser Zamora, para poder practicar este deporte.

A provincia de Pontevedra conta con cerca de 150 coutos de caza, con una superficie media que ronda as 2.000 ha, o cal é unha cifra moi pequena que limita as posibilidades da actividade no territorio.

2. Condicionantes legais e oportunidades para ordenar o sector. A Lei de caza de Galicia

Antes do ano 1997, ano en que foi aprobada a “lei de caza de Galicia”, a actividade cinexética nesta Comunidade Autónoma estaba regulada pola lei estatal 1/1970. Esta lei supuxo unha adaptación á realidade galega dunha lei estatal, quizá máis orientada a ordenar a caza nunha realidade sociocultural diferente, principalmente a da España do sur.

A necesidade desta lei débese tamén a que o marco normativo en 1997 era sustancialmente distinto do que había en 1970, coa aparición de nova lexislación en materia medioambiental. Dentro da lexislación internacional destacan:

- A Conservación relativa ás zonas húmidas de importancia internacional de Ramsar, asinada o 2 de febreiro de 1971, e ratificada por España en 1982.
- Convenio de Washington sobre o comercio internacional de especies ameazadas de flora e fauna silvestres, do 3 de marzo de 1973. O Consello da U.E. dictou dous regulamentos (o 3626/82 e o 338/96) en aplicación e desenvolvemento deste convenio.
- Convenio de Berna, adoptado polo Consello de Europa o 19 de setembro de 1979, relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural en Europa. Ratificado por España en 1986.

A isto haberá que engadir a adhesión de España á Comunidade Económica Europea, que supuxo a necesidade de transporer ó dereito español o acervo xurídico comunitario. Unha das directivas máis importantes que afectaron á caza da U.E. é a Directiva 92/43, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres (Directiva hábitats), e transposta ó dereito español a través do Real Decreto 1997/95, do 7 de decembro de 1995.

Neste novo marco normativo, (para máis información ver *Lago García, 1999*), e dentro da competencia exclusiva do artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía, aprobouse a Lei 4/97, de 25 de xuño, de caza de Galicia.

Esta lei pretende evitar a descapitalización cinexética ocasionada polos desequilibrios entre a presión sobre os recursos e a conservación das poboacións, buscando que o aproveitamento cinexético non afecte á conservación das especies de fauna silvestre, patrimonio do conxunto da sociedade. Así, o artigo 1 recolle a dobre finalidade de mellorar os recursos cinexéticos para atender a demanda ordenada dos cazadores e regular o exercicio da caza na Comunidade Autónoma de Galicia; así como el fomento, a protección, a conservación e o ordenado aproveitamento das especies cinexéticas. Pretende conciliar e garantir que o aproveitamento realizado por os cazadores non afecte á conservación das especies de fauna silvestre. Asimismo trata de lograr unha mellora dos recursos cinexéticos para atender as demandas dos cazadores.

A citada Lei fixa a atención en tres aspectos principalmente: a dimensión dos terreos para garantir un marco territorial suficiente tanto para o fomento da caza como para seu exercicio equilibrado; a ordenación dos aproveitamentos cinexéticos a través dos preceptivos Plans, de forma que se garantice a sostenibilidade dos recursos cinexéticos; e a vixilancia dos terreos cinexéticos e o réxime sancionador que cumpla a función de disuasión ós infractores e evite agresións ás especies cinexéticas e ós seus hábitats.

La Lei establece un conxunto de figuras para os terreos cinexéticos co fin de atender as distintas posibilidades de aproveitamento según o carácter público, societario particular, deportivo ou, de mera explotación económica que os titulares dos terreos pretendan utilizar, asignando ó titular dun dereito real sobre o solo a facultade de exercer directamente ou ceder a un terceiro o dereito cinexético que lle corresponde.

Según esta Lei, os terreos de carácter cinexético poden estar suxeitos a un réxime cinexético especial ou común. Os de réxime especial poden pertencer a unha das seguintes categorías: reserva de caza, refuxios de fauna, terreos cinexéticamente ordeados (TECOR), terreos cinexético-deportivos ou explotacións cinexéticas.

Os que non estén dentro de ningunha das categorías anteriores serán de réxime cinexético común, e neles o exercicio da caza será libre sen máis limitacións que as contidas na Lei ou disposicións que se desenvolvan. Estos terreos suxeitos a un réxime cinexético común deberán comprender como mínimo unha superficie continua de 500 hectáreas para poder practicarse neles a caza, ou en caso contrario pasarán a ser refuxios de fauna e estará prohibido cazar. A xestión dos terreos de réxime cinexético común corresponde á Consellería de Medio Ambiente.

Os Terreos cinexéticamente ordeados serán aqueles susceptibles de aproveitamento cinexético nas que a poboación cinexética debe estar protexida e fomentada, aproveitándose de forma ordeada. A superficie mínima destes terreos é de 2.000 hectáreas, e a duración do seu réxime especial será a do prazo de cesión dos dereitos cinexéticos que en ningún caso será inferior a cinco anos ni superará os quince. Os Tecor poden ser de titularidade pública, societaria ou particular, según

promovan súa constitución as administracións públicas, as sociedades ou asociacións de cazadores legalmente constituídos, as personas físicas ou xurídicas de carácter particular. Para o exercicio da caza nestos terreos será preciso o permiso correspondente.

A declaración dos terreos cinexéticos como TECOR leva inherente a favor dos seus titulares a reserva do dereito de caza de todas as especies cinexéticas que se encontren nel e, consecuentemente, a titularidade dos dereitos e obrigacións que de conformidade con esta lei deriven de dito aproveitamento cinexético. Para o exercicio da caza nos TECOR será necesario contar co permiso correspondente, expedido por o titular do aproveitamento. A autorización para a constitución dun couto privado poden solicitala os propietarios ou os titulares de dereitos que leven consigo o uso e o gozo do aproveitamento da caza, o usufructuario e o enfiteuta e calqueira outro titular de dereito que leve consigo o uso e o gozo da caza.

Dentro da superficie dos Tecor deberá manterse un mínimo do 10% do total como vedado de caza, mantendose os límites alomenos durante dous anos consecutivos, co obxectivo de fomentar a recuperación natural das especies cinexéticas.

A Lei contempla tamén a figura de Terreos cinexético-deportivos, onde se poderá practicar o exercicio da caza con exclusivo carácter deportivo, exento de ánimo de lucro. A superficie destes terreos oscilará entre un mínimo de 50 hectáreas e un máximo de 250.

Os Terreos adicados a explotación cinexética destinaráanse á produción de pezas de caza ou á explotación comercial da actividade cinexética.

Según foi indicado, esta Lei prohíbe o exercicio da caza naquelas superficies menores de 500 hectáreas polo que se recomenda unións entre cotos para lograr alcanzar esta superficie cando sexa necesario. Será obrigación dos titulares do aproveitamento de terreos suxeitos a réxime especial:

- Cumplir as condicións establecidas nas resolucións de declaración.


- Axustarse ó plan de ordenación cinexética e ós plans anuais de aproveitamento, de obrigado cumprimento unha vez aprobados pola Consellería de Medio Ambiente.
- Dotar ós terreos de vixilancia e sinalización prevista de acordo cos anteriores planos.
- Colaborar coa Administración na protección e fomento da fauna cinexética.
- Responder da organización e correcta execución das actividades cinexéticas que se leven a cabo.
- Solicitar coa suficiente antelación a realización de monterías, etc., velar para que se cumplan as condicións impostas na autorización.
- Calquer outro establecido ou que establezca a Consellería de Medio Ambiente.

Outro dos requisitos dos Tecor é a obriga de ter un plan quinquenal de ordenación cinexética, debendo incluír os datos do estado cinexético do Tecor, nos que teñen que figurar a lo menos “a definición e descrición das unidades de xestión e inventariación e a estimación de parámetros poboacionais como abundancia e produtividade das especies obxecto de aproveitamento, así como unha avaliación da capacidade de carga do hábitat” (art.44 da lei). Estes plans débese redactar un técnico competente na materia.

Así mesmo habrá que acreditar documentalmente polo menos a titularidade cinexética do 75% dos terreos para os que se solicite a declaración, a excepción dos Tecores particulares, nos que haberá que acreditar a titularidade sobre o total dos terreos.

A lei establece que os coutos que non solicitaran a transformación a Tecor antes de catro anos a partir da data de entrada en vigor do texto lexislativo pasarán á condición de terreos de réxime cinexético común, rematando este prazo o vindeiro 12 de outubro do 2001. Ademáis, aqueles coutos que non presentasen a documentación esixida antes do 12 de abril de 2001 e mentres non se lles aprobe o plan de ordenación cinexética, terán a condición de Tecor provisional, polo que non se permitirá neles o exercicio da caza.

3. Posibilidades de desenvolvemento do sector. A A.D.R. Montes



A Asociación de Desenvolvemento Rural Montes actualmente se atopa preparando unha candidatura a Iniciativa Comunitaria Leader +. O territorio ámbito de actuación da asociación esta constituído polos municipios de Beariz, Campo Lameiro, Cerdedo, Cotobade, A Estrada, Forcarei e A Lama, situados no suroeste de Galicia, concretamente na zona de interior da provincia de Pontevedra, pertencendo Beariz á provincia de Ourense. Comunicándose en menos de media hora coas cidades de Pontevedra, Santiago de Compostela ou Vigo. representa a todo o tecido asociativo, social e económico

O territorio ocupa unha superficie de 894,5 Km² e presenta un marcado carácter montañoso. Un 50% da superficie atópase entre os 400 e 700 metros, un 30% por debaixo dos 400 metros, e casi un 20% encima dos 700 metros.

O territorio destaca pola súa riqueza fluvial, nacendo aquí os principais ríos da provincia de Pontevedra e algúns de Ourense: Lerez, Umia, Alfofrei, Verdugo, Oitabén, Veá, Liñares, Tabeirós, Grobas, Calvelle, Barbeira, Castro, Quireza, Avia e

seus afluentes Doade, Magros, Ponte Pedriña e Pouso. Existen 10 ríos con acotados de pesca, cunha lonxitude de 75,10 Km, cifra que non llega ó 6,3 % da lonxitude total dos cauces existentes, que é de 1.193,3 Km. Considerando a calidade dos ríos, pódese deducir que este recurso está lonxe de ter desenvolvido as súas potencialidades.

Dentro dos espazos naturais protexidos que se citan nas Normas Subsidiarias de Planeamento Provincial, cinco de eles inclúense dentro do territorio, supoñendo un total de 60,16 Km² (6,73 % da superficie total). Ademais na Lista Nacional de zonas a incluír na Rede Natura 2000 localízanse na zona de estudio 9.785,5 hectáreas que representan o 10,93% do territorio, e o 25,3 % da superficie proposta na provincia de Pontevedra e o 3,01% de Galicia.

En principio, nestes territorios incluídos na Rede Natura, se a caza se ven practicando e o espazo ten diversidade biolóxica non tería porque cambiar esa práctica tradicional. Ó día de hoxe non se coñece que tipo de caza será ou non compatible, como ocorre coa xestión forestal, tendo que agardar a que a Unión Europea elabore unha guía interpretativa e de usos.

En 1998 o número de habitantes era de 42.140 persoas o que representa unha densidade de poboación de 47,10 hab/Km², valor bastante inferior ó do conxunto de Galicia para ese mesmo ano: 91,29 hab/Km², podendo ser considerado como un territorio de baixa densidade poblacional.

A agricultura no territorio ten importancia no concello de A Estrada, concretamente nas súas zonas baixas do norte próximas ó cauce do río Ulla, poseendo este concello o maior número de explotacións gandeiras de todos os galegos. Destaca tamén a importancia que ten a existencia de gando en liberdade, tanto vacuno como equino, nos montes de practicamente todo o territorio.

Pero a principal característica é a elevada porcentaxe de superficie forestal, próxima ó 80%, cunha riqueza e diversidade que unido á baixa densidade de poboación existente confírelle ó territorio unhas condicións intrínsecas, interesantes e favorables para desenvolver o sector cinexético.

Na área de estudo atopámonos 25 cotos de caza, dos que 15 de eles teñen unha superficie menor de 2.000 hectáreas (que terán que fusionarse para poder transformarse en Tecor). En marzo do ano 2.000 ningún deles tiña presentado un Plan de Ordenación Cinexética para constituirse en TECOR.

Na tabla seguinte recollense os coutos existentes por concello na área de estudo:

Tabela 1. Número de coutos según municipio na área de estudio

	Beariz	Campo Lameiro	Cerdedo	Cotobade	A Estrada	Forcarei	A Lama
Nº coutos	3	3	2	2	7	4	4

Fonte: Consellería Medio Ambiente. Servicio Medio Ambiente Natural. Elaboración propia.

4. A caza integrada no Programa de desenvolvemento rural do territorio

4.1. A Idea

Un dos eixos propostos, na estratexia deseñada pola *Asociación de Desenvolvemento Rural Montes* para a candidatura a Iniciativa Comunitaria Leader+, é a potenciación da multifuncionalidade do monte, onde entrarían as actividades cinexéticas e piscícolas entre outras. Outro eixo será desenvolver un turismo de calidade centrado en actividades na natureza, ocio e tempo libre, e complementando os aloxamentos rurais con outras actividades, entre elas as cinexéticas.

Para acadar estes obxectivos un interesante paso sería articular a actividade cinexética sobre o territorio en dous grandes grupos de accións, por un lado as unidades de xestión e por outro as áreas de explotación.

A caza debería organizarse globalmente no territorio, mediante unha Unidade de Xestión, é dicir, as Sociedades de cazadores do territorio agruparíanse ó redor dunha "mancomunidad" na que poderían compartirse unha serie de gastos e servizos, seguindo unha liña común de xestión que buscase como fin último o aumento das densidades de especies que permita un aproveitamento da caza por parte do turismo.

A través da unidade de xestión centralizaríase un servizo de guardería común a todas as Sociedades, mediante a creación dunha empresa de gardas de campo de

caza con xente da zona. Así mesmo poderíase xestionar unha "granxa madre" de coellos para dar servizo a todos os asociados, así como uns cercados de aclimatación en cada un dos Tecores. De esta maneira se evitarían as repoblacións con animais externos, que habitualmente provocan unha gran mortandade entre os autóctonos.

Ademáis de conseguir unha xestión eficaz, a unidade de xestión abarataría os costes, pois permite ás Sociedades de cazadores, propietarias dos dereitos de explotación cinexética, negociar conxuntamente a adquisición de elementos necesarios para os Tecores (tablillas, seguros de responsabilidade civil, poderíase establecer un único seguro para todo o territorio de cara a cubrir os posibles accidentes de tráfico derivados da caza maior).

Áreas de explotación: englobando este término atópanse as posibles áreas nas que a finalidade da caza non será o disfrute por parte dos socios do Tecor, senón a explotación con fines turísticos, dirixindo o produto a sectores demandantes de calidade. A idea sería a creación de dous tipos de áreas:

- Explotación cinexética de caza menor. Pensando na posta en marcha e explotación da caza en zonas que ofrezan unhas características intrínsecas do terreo, ou da propiedade que as fagan viáveis.

- Explotación cinexética de caza maior, consistente nunha explotación de tipo extensivo, cun cerramento de 2,5 metros de altura de maia cinexética, ó redor dunha superficie de monte arbolado, no cual introduciríanse cervos, corzos ou outras especies de caza maior, convertíndose nunha finca de caza. Os animais son xestionados con criterios cinexéticos de persistencia e estabilidade e anualmente extráese un cupo de capturas mediante as modalidades de caza maior (rececho, acecho, etc.).

4.2. A Organización

Pasa por conseguir o acordo de todas as sociedades de caza do territorio para crear unha única entidade de servizos mancomunados, esta é unha labor complexa, na que interveñen multitude de axentes e intereses diversos. Esta misión necesitará dunha importante labor de dinamización dos diferentes colectivos, por medio de

Grupos de traballo, charlas e/ou visitas a sitios onde existen experiencias similares en marcha, e que poden acadar un "efecto demostrativo".

Neste sentido a *Asociación de Desenvolvemento Rural Montes* debe xogar un papel fundamental. En primeiro lugar porque integra a todo-los colectivos do territorio (non só as sociedades de caza, senon tamén os propietarios dos montes veciñais en man común, gandeiros, representantes do sector turístico, etc.), e en segundo lugar porque nace coa vocación de converterse en foro territorial, onde facer unha planificación das actividades do territorio entre todos os axentes implicados.

Así debe facilitar a ordenación das distintas actividades e aproveitamentos desenvolvidos no territorio, forestais, gandeiros, cinexéticos, recreativos, turísticos, etc.

4.3. O Instrumento

A caza debería integrarse na oferta do territorio como unha actividade de ocio máis, comercializando os recechos, permisos para postos nas monterías, nos ganchos ou batidas etc. Todo íso comercializado conxuntamente cun aloxamento, restauración e incluso outras actividades de ocio complementarias para os propios cazadores ou ben para os seus acompañantes.

A A.D.R. Montes estase plantexando a creación dunha entidade, inicialmente dentro da propia asociación, para a promoción e comercialización da oferta turística do territorio. Esta entidade ademais de levar a cabo actuacións de promoción conxunta do territorio funcionaría como central de reservas de cara a ofertar e comercializar os servizos turísticos do territorio (aloxamento, hostelería, actividades de ocio, etc.), principalmente a través da creación de paquetes turísticos.

5. Conclusións

A actividade cinexética en Galicia tradicionalmente ven sendo unha actividade fundamentalmente social, cun elevado número de cazadores, na súa grande maioría veciños do lugar, que veñen pagando unhas cuotas *simbólicas*. Este feito leva a que por exemplo en Pontevedra existan un gran número de coutos cunha potencialidade de caza moi escasa. Isto último, pero fundamentalmente o referido feito de que os

coutos sexan “veciñais”, imposibilita unha práctica “deportiva” da caza que leva a que moitos cazadores desenvolvan dita actividade en outras rexións.

A nova lexislación constitúe unha oportunidade para a ordenación do sector, xa que obriga a unha dimensión mínima dos terreos, a redacción dun proxecto de ordenación quinquenal e a vixilancia do terreo. E dicir para que esta actividade social teña continuidade é necesaria unha fusión dos actuais coutos (o que implicara poñerse de acordo con “outros”) ademais de acadar uns ingresos mínimos para o establecemento do servizo de guardería e redacción periódica do proxecto de ordenación.

Estos ingresos poderían xeneralos os propios Tecores a través da comercialización da actividade cinexética, fundamentalmente vendendo rezechos, permisos para postos nas monterías e nos ganchos ou batidas. Para iso sería necesario facer melloras de cara a crear as condicións necesarias para a existencia de caza, o que redundaría, sobre todo, nos socios do Tecor.

Ademais de integrar a actividade cinexética na oferta turística do territorio (elaboración de paquetes turísticos), o que extendería os beneficios a outros sectores do territorio, creando postos de traballo, tanto directos (nos propios Tecores, servizo de guardería, etc) como indirectos (fundamentalmente na hostelería).

6. Bibliografía

Lei 4/97, de 25 de xuño de caza de Galicia.

Lago García, (1999). Aspectos legais da caza en Galicia. Escola Galega da Administración Pública (EGAP). Xornadas e seminario, nº 23.